



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGO
S' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

A Cruña deb' axudar à Betanzos

Un asunto d' intrés capital pra dous pobos irmás está sendo ouxeto n-estes momentos d' autivas xestíós por parte d' outros que, con menos razón, pertenden recabar pra si todol-os beneficios posibles, asunto que recrama o esforzode todol-os amantes d' o adianto d' a rexión pra resolvelo de maneira satisfactoria pr' a Cruña: detreminar en que punto d' a provincia háse d' enstalar a Escola de perparación pra carreiras militares.

Digámolo con franqueza: fora pertension contraprodcente a d' Cruña si se propuxese ofrecer ó goberno localidá pra dit' ouxeto, non contando con edificios apropóseto pr' élo e tendo por consiguiente que levantalo de nova pranta, cando nin a situacion económica d' a provincia nin a d' o auntamento o premiten, e non dispoñendo tampouco d' unha estension de terreo drento nin cerca d' e seu perímetro bastante pr' un establecemento onde poidan aloxarse con folgura hastra 200 alumnos que, pol-a índole mesma d' a carreir' á que se dadican necesitan ademais certo espacio de terreo pra maneobras prósusimo ó Colexio.

Pois ben; o asunto resólvese cumpridamente pr' os intreses d' a Cruña e Betanzos, elixindo este último punto pr' o dito Colexio, úneco qu' en tod' a provincia dispoñe de todol-os elementos necesarios.

A cibdá de Betanzos conta c' un gran edificio pr' o euxeto, o Archivo, de forte e elegante construcion, que mide mais de 1.300 metros coadrados de superficie, contando con salós de 120; consta de dous corpos á cada un d' os cales corresponden seis salós d' a amprítu lita e de considerabre elevacion, utilizabres e inmellorabres pra dormitorios, crases, etc., quedando local abondo pra cocíña e almacen: sua frábica pón o edificio á cuberto de todo piligro d' incendio por ser total-as parés de silleria e estar os salós abovedados de ladrillo; suas condiciós hixiénicas satisfacen canto se pode desear pol-a orientacion, pol-o espaceoso, pol-as luces e vintilacion tan nazararias ós locás destinados á 'gromeracion de xente; e ademais de todo esto, o auntamento concede a espaceosa praza que dá frente ó Archivo e a alameda que corresponde á parte d' atrás, comprometéndose asimesmo á facer total-as obras que poidan ser necesarias.

Tendo en conta que pr' establecementos d' a crás d' o que nos ocupa debe atenderse moi moito ás condiciós d' o crima, hay qu' confesar que poucas pobraciós as reunen tan boas e ningunha mellores que Betanzos añadind' á todo esto a baratura d' a vida, a abundancia d' augas, o ser punto de confruencia de moitas carreteiras e camiños qu' o poñen en comunicacion co-as mais importantes poblaciós, o estar unilo á capital pol-o ferrocarril

en tan pequeno trayeuto, e espranzado d' estalo tamen moi pront' ó viciño departamento.

Non séndolle fautibre á Cruña, como demostrado deixamos e á nada s' acultará, proporecionar adificio pr' o indicad' ouxeto, debe cando menos aspirar á telo o mais préto que sea posibre, e Betanzos, acurtada sua distancia pol-o ferrocarril, pódese considerar pr' o movemento mercantild' a Cruña como probacion supretoria d' esta, de modo que sua prosperidá material refruye en beneficio noso.

Por estas razóns e outras moitas que se nos esquencen, sendo unha d' élas o despoxo contino de que ven send' ouxeto en tol' o que vai de sigro, e outra non menos atendibre a solidaridade d' intreses d' as duas cibdades, concuiremos repitindo a afirmación que puxemos por lema: a Cruña debe axudar á Betanzos n-a consecucion de tan emportante mellora, unindo sua eficás e podrosa influencia ás influencias mais ou menos valeosas d' aquel pobo hirman e abandonado.

LERIAS

O CONTO DE NUNC' ACABAR

—¿Pódese entrar?

—Hastr' a cociña, Gorechos; ¿qué demóncaro che pasou a outra semana que non paresiche por aquí?

—Estívenlle malo; atragantouseme unha espiña n-a gorxa o derradeiro xueves que vin á vila, e non se me quita hastra ver en que paran as tracamandainas d' aquel asunto de qu' houbemos falado.

—Como falamos de tantos, non sei qu' asunto será o que tí dís.

—Pois eu sí qu' o teño persente, porque ráñame n-o coiro, e tereino por mais largas e capote que lle den: fállolle d' o tan traido e levado proyeuto de rebai-xarnos o recargo provincial.

—Ese asunto está en Madril pr' a resolucion d' o ministro d' o ramo; o que non podó dicirche é si está enriba ou debaixo d' o tapete.

—¿Cómo s' entend' eso?

—Quero dicirche que n-o tocantes á ir, van moitos espedentes á resolución superior, pro son poucos os que volven, o ben pode ser éste un d' os casos xenerás e quedarse as cousas en tal estado. Pro déixate d' oso e toquemos outros palillos: aquí teño n-o meu poder dous bonos que repersentan outras tantas comidas n-a "Cociña Aconómica": ¿queres aproveitarte d' eles tí, que non estás sobrado de racursos?

—¿E qué valor tén cada un?

—Des céntemos de peseta trán consinado en letras de molde; pro quizais considerouse qu' era moito luxo

e enmendouse poñendo de letra de pruma cinco nada mais.

—Xa sabe vosté que non son soberbio; mais esa limosna non meresce a pena de qu' un home sall' á vergonza, conqu' así déllos á outro mais necesitado.

—Cuasque tes razon n-a primeira parte d' o que dis-afeutivamente, aquí hay mais roído que nocés, e non se me traslús n-est' o espirto d' aquelas palabras d' o Pái d' a caridá: "O que dices co-a man direita perecura que non o vex' a isquerda". O que, sí, vexo é moito formalismo e aparato pra exercer pequenas caridás; sin que por pequenas que sean deix' eu d' apraudilas.

—Falando de tod' un pouco, ¿sabe vosté qué susto me levei denantes d' entrar n-a sua casa vendo un probe diaño vistido cuase com' os cregos quen despois de tocar unha campaña como n-os Veáticos poñíase á berrar com' os tolos dicindo non sei que cousas? ¿Di ráme vos té qué significa esa antroidada?

—Non é antroidada; é unha costume vella qu' anque xa desterrada n-outros pobos, síguese aquí como proba d' o noso respeto ás tradiciós e ten por ouxeto anunciar a morte d' algun hirman d' a cofradía tal ou cal.

—¿Eche bó modo d' asustal-os nenos! Eu coidei que se trataba de pidir pr' algun qu' estivese en capilla e moito mais cand' ó pouco rato vin un cego que tra-guía moitos papés baixo d' o brazo e que pregoaba: "El A... con la muerte de B; el envenamiento de C; el incendio de D; la inundacion de E; las veinte mil víctimas de F; lo que le hizo una G á una H..."

—¿Seica coidas que son maeso d' escola e que ch' estou tomand' o abecedario? Ese cego é o que nos lé de valde e á diario certo preódeco d' esta localidá.

—¿Cata que m' alegre de sabelo; d' hox' en diante heime de poñer preto d' o cego pra enteirarme d' as novedás, e sempre irei aforrando un cadelo pequeno.

—Pois o que tí pensas facer xa o veñen facendo algúis viciños qu' hastra abren as ventanas d' as suas casas pr' oír mellor.

—Cada un ten sea modo de rascal-as pulgas: prometo escoitalo, anque non sea mais que pra saber qu' se dispon pr' o centenario de Maria Pita.

—Haiche moito adiantado; como que xa están nomeadas tres comisiós.

—¿E qu' acordaron esas tres comisiós?

—Penso qu' acordaron dividirse cada unha en outras tres, pr' a ir matand' o tempo á española, qu' é o que se pide e poden facer en vista de qu' as persoas que mais utilidade hán de reportar d' a concurrencia de furrasteiros, son as que menos dispostas están á afroxar o cadelos e non responden ás escitaciós que pra ouxeto se llos fan.

—De seguro non serán cafeteiros, fondistas, pouca-

deiros e taberneiros, porqu' eses, comprendendo seus intereses, non terán incomente en sementar dous pra recoller vinte. Serán, pol-a contra, os maestros d' obras e outros gremios así.

—Sempre tivech' a sorte d' atinar... ó revés; os maestros d' as obras, que son os que menos proveito pō den prometerse d' o lucimento d' as festas—como non sea a satisfacción d' o amor pátrio,—son n-esta ocasión os máis rumbosos, pois non solo ofrescen sua axuda persoal, sinon que tamen saquirifican algús miles de cadeiros; namentras qu' os que tí nomeache brillaron n-a sesión preparatoria pol-a sua ausencia.

—Eso farano porqu' inda ven moi lonxe a solemnidad de que se trata; pro eu supoño que chegad' o momento botarán a casa pol-a ventana.

—¿Qu' está lonxe dixech' e? Pois eu dig' o contrario, qu' é moi curt' o prazo e é necesario saber de que recursos se dispon antes de formar un programa de festexos.

—Sobre todo, amó; os festexos que s' acorden, ou ó menos algús d' eles, deben ser en onsequio d' o público, é dicir, d' aqueles que non necesiten desembulso, porque si non, os que nos atopamos con poucos cadelos irémol-os gastar ás romarias e fuliós qu' hay abondo n-o vrua e n-as que, sinon n-os alustramos, o menos adivirtímonos ó noso modo sin tér que vender os touciños pra poder vér os touros, os certámes, os torneos e outras alilailas pol-o estilo.

—Así sodes os boiros d' aldea; sempre refrantarios ó progreso, e así, si algunha ves ides ver unha corrida non sabedes dicir en framenco: “¡Olé, viva tu mare, Curriyo!” nin sabedes o qu' é un *volapié*, un *quiebre*, un *trasteo*, e outros moitos vocabros pol-o estilo.

—Bós estamos os gallegos metidos á toureiros. Eu estoull' arguloso d' a terra en que nacin, e non pertendo ser nin falar en framenco: e en ves d' *des* voto aturuxos, e en ves d' apraudir ós que matan os touros, coído de qu' os meus bermellos estén locidos e vivan sin padecer. E a propóseto deixóo a vosté, porque decátome de que teño qu' ir coller a herba pr' o gando.

—Pois vaite con Dios e hastr' outra.

—Que non haxa novedá.

CÁNTIGAS

IEI, POL-A MIÑA MONTEIRA!

A meu amigo Anxel Vazquez Taboada

Cant' o grilo entr' as herbiñas,
a cantariña entr' as verzas,
a laberca alá n-os aires,
o melro n-a subugueira,
o cuco n-o obscuro souto,
a rula n-a ramalleira,


o pasallás n-as queiroas
e o perdigon n-a restreba;
a miña nena, moi leda,
tamen canta aló n-a leira,
y-eu canto, por que cantando
párece qu' está tod' aldea!..

Viva Ordes, viva Ordes,
o Pinar d' a Caramela,
o Ceidon, o Vidueiro
e a terriña d' as Campeiras;
viva o rio d' os Curriás
e os prados que tén n-a veira
c-os olmos e c-os carballos,
os castaños e as pereiras;
vivan os eidos d' o pobo,
viv' a garridiña eirexia
onde van os estorniños
á ter as intercadenias.

Xa o sol sale por Levante
levantando a sua cabeza,
os cás sacuden as pulgas,
as cabras zaramallean,
o becerro lambe o bico
saindo d' o cainceira
onde tomou seu almorzo
repasando as catro tetas;
tamen o raposo, maino,
s' agacha tras d' as gabelas,
leva o buche de pandeiro
e o lombo cheo de brétema;
xa vai o grañon n-a Ermita
reburdando tras d' as vestas
e os carneiros van saltando
dreitos diante d' as ovellas
pra buscal-os seus pastos
tras d' o monte de Penelas.
Tod' é vida e alegría
n-esta mañan feiticieira;
por eso miña rapaza
non canta senon que berra;
traí collida pol-a corda
a sua vaca bermella,
n' unha man un pano branco,
n-a gorxa o collar de pelras,
n-a cabeza unha rosiña
atada c' unha trenza
que lle merquei por dous cartos
o domingo d' as Travesas,
os seus pés son miudiños,
nin é longa nin pequena,
o seu peito bñ feitiño
a sua cintura estreita;
é moi branquiña d' a cara,
moi negra pol-a cabeza,
moi pestañeira d' os ollos,
moi dereitiña d' as pernas.
¿Quén no conoce n-o pobo
a filla d' a Maqueira?
Ela á todos anamora,
todos tolean por ela,
e á min xa me ten revoltos
os meolos d' a moleira.
Din qu' alá pol-a cibdá
hay nenas moi churrusqueiras;
din qu' hai treatos, qu' hay bailes
comercios, cafés e tendas,
din qu' hay aceiras n-as calles,
siñores de sorbeteria,

raparigas empolvadas
 por non parecer tan feas,
 que teñen fondo postizo
 e postizal-as cadeiras,
 a barriguiñ' apertada
 e moitos cornos n-a testa;
 tamen din qu' aló se goza
 e que s' aburren n-aldea,
 porque son com' animás
 todol-os que viven n-éla;
 mais eu, contento co-a sorte,
 escondido entr' estas penas,
 comtemprand' as raparigas
 e a garrida Natureza,
 pido a Dios que tanto bén
 me faga, e tanto me dea,
 que d' o pé d' a miña casa
 non m' arrede media legoa,
 nin que perda d' oil-o melro,
 o cotobio, a maceira,
 o xilgaro, o reiseñol,
 o chinchon e a laberca,
 tampouco de vist' as froles,
 os petoutos, as brañeiras,
 os ríos, as frescas fontes,
 as fraguiñas e as xunqueiras,
 os pinares e os muiños,
 trigos, millos e liñeiras,
 nin o canto d' o meu bén
 que dulce hastr' aquí se chega
 entrando n-o corazón
 cal heme de casa aberta,
 e mentras Dios me dea ollos
 para miral-as estrelas,
 e a lúa, d' o dia os albores
 e o país que me rodea,
 eu deix' os goces d' a vila
 alá para quén os queira,
 ¡Viva Dios e coza o forno!
 ¡Ei, pol-a miña monteira!

CARLOS POL.



tornar d' a guerra

—∞ o ∞—

Siguind' a orila d' o Miño
 vai famoso lizador,
 que n-a sangre infel d' os mouros
 espada e lanza empapou.
 Leva corrid' a celada
 que brila ós rayos d' o sol.
 Aínda o arnés móstrase roxo
 d' a sangue que ll' o luxou,
 A lanza dorme n-a cuxa,
 n-a vaina o longo espadon,
 descansando d' as fatigas,
 orgullosas d' o valor.
 Tamen mainiño n-o paso
 camiña o nobre bridón,
 que soberbeo n-os combates
 ó seu siñor axodou.

Parés qu' asalta ó guerreiro
 lembranzas d' antigo amor
 qu' esparx' en fondos sospiros
 que salen d' o corazón,
 e os feros ollos erguendo
 á mansion onde está Dios,
 xa parés qu' homildes rogan,
 xa verten empío furor,
 E mentras and' ó camiño
 e ós pinares cheg' ó sol,
 d' un almenado castelo
 descóbrense os torreós.
 Sinte á sua vista o guerreiro
 eléutrica comcción
 d' alegría e de tristeza,
 d' espranza e de terror
 e n-o chan cravand' o faco
 qu' obedente se parou,
 parés que tras d' a muralla
 comtemprando está o interior,
 D' o mais sacreto d' o peito,
 ronco ximido escapou,
 mentras marmulan seus labres
 solo este nome: "¡Leonor!"....

.....

 Baixo un souto de castaños
 préto divisa un meson
 e o acongoxado guerreiro
 sua pranta alí endereitou.
 Bota pé á terra, e ó criado
 que cortés o saludou
 dille, restregán' as mans
 como quen está d' humor:
 —Unha cama, boa cea
 con tortilla de xamon,
 catro netos d' o Riveiro
 e ó cabalo un pensó bo.

A. V. T.

Ó MÓR D' A LAREIRA

POR BOTAL-A DE VALENTE

Xan Vidal era.... un Xan dend' os pés hastr' os cabelos, por mais que tivese tan forte o lombo que si algunha ves se ll' atuaba n-o monte o carro cargado de leña ou estrumen, erguíao él en vilo con solo fincarll' aquelas costas duras com' o ferro e anchas de vara e pique, que Dios lle dira, eso que cando eu o conecin e tratei xa desfolab' o rabo ós sasenta anos, por mais que rapresentase des ou doce menos.

Collérao a *francesada* de dazaseis d' edá, pro

pódevos xurar qu' os franceses qu' él matou cabian dentro d' o canuto d' a sua licencia ausoluta que conservaba com' ouro en pano e tiña posto á cabeceira d' a cama e ó lado dereito d' o santocristo.

Durant' o tempo que Xan militara—tod' o que durou a inmortal Guerra d' a Independenza,—covizoso d' as glorias de seus valentes compañeiros, ós que non podía imitar por falta de corazón e alentos pra facelo, inventou unha artimaña co-a que, si non n-o seu reximento, n-o qu' o miraban com' un galiña, ó menos n-o sen pobo e sobre todo entre seus parentes, matab' a praza de valente como ninguun outro.

A artimaña de que Xan se valeu pra conseguir seu ouxeto consistiu en acompañar ás cartas que—cando podía—esquibía á sua casa despois d' as batallas duas ou catro orellas que curtaba ós cabirtos—cando algun caía por banda,—e despois de aliñadas con moito xeito pr' asemellálas tod' o posible ás d' os *cristianos*, consinaba n-a cart' a caroca de qu' eran orellas de franceses mortos pol-as suas más, encargando moito á sua nai qu' as gardase ben, encargo que, por outra parte, non era nazasario facerlle, pois tanto éla com' os demais parentes, tendo entendido qu' os franceses non eran homes com' os demais, creíano de boa fé e miraban aqueles desposos com' o brason mais honroso de tod' a familia.

Volto á sua casa despois de conclud' a guerra, Xan atopou feita xa sua fama de valente, e ó pouco tempo de chegar non era conecido en tod' o rueiro mais que pol-o alcume d' o «Cortador d' orellas».

Pr' o que habia qu' oír d' a sua boca era o relato d' os lances en que se vira n-a campaña: unhas veces peleárase él solo contr' unha dúcia de franceses; espichándoos á pares coa baoneta; outras despois de crebar o fusil n-as costas de media dúcia d' eles, tivera que seguir a loita á sopapo limpo, e ocasión houbo en que matou uns con outros collendo éstos pol-os pés e manexándoos como si foran mocas.

O tempo andivo, seus páis morreron, él casouse e tivo fillos á barullo; pro o «Cortador d' orellas» sempre s' atopaba pradicando n-o medio d' oito ou des boca-abertas ós qu' espetaba cada mentira que cantaba o misterio, xa n-o adro d' a eirexa á salida d' a misa, ou xa ó mor d' o lume alá pol-as noites longas d' o inverno.

Certo dia, e n-unha leira d' a sua propiedá, apareceu un home morto en quen o asesino ensañárase hastr' o punto d' arrancarlle de raiz as orellas: dado parte á xusticia trasladouse enmediatamente o xusgad' ó sitio d' alcurrenceia e escomezou á enstruir as dilixencias con tod' autividá, recaendo grandes sospeitas sobr' o probe «Cortador d' orellas», quen, pra maor disgracia sua, non s' atopou en ninguunha parte cand' o mandaron prender e, segun de rarración d' os viciños, nada o vira en tod'

aquél dia, sendo así que nunca s' alongaba d' o rueiro mais de tres ou catro horas.

Aquela mesma noite poidoselle botal-a man porqu' él mesmo se persentou tan fresco e sosegado com' alléo estaba ó que li' esperaba: o que si estranaron seus viciños foi o ver que s' entregaba com' unha ovella, cando todos eles esperaban que se defendería com' o león, esto tendo sempre persentes as suas fazañas d' a guerra.

Suxeto' ó *caterrogatorio*, Xan Vidal non poido testificar onde pasar' aquel dia. e como ademais d' os moitos *indicios* qu' o comprometian tivera n-a cara e más desfoladuras e a roupa moi esgarrada. o xuez, por estes motivos e con preno convencemento d' adiministrar xusticia—eran outros tempos—condanouno á morte.

¡Pra saber o que son ánsas verse n-ó trance d' o inocente Xan!.... Trasladárono á cabeza de partido, onde debia ser executado; mais cando xa estaba encapilla e era vispera de seu último dia, un suxeto desconecido pideu falar c-o xuez pra [facer de rarracións importantes, e levado á presenza d' éste, manifestou qu' él era o autor d' o asesinato que se pignuía.

Xan Vidal foi posto en libertá: pro denantes dixoll' o xuez:

—Pro, disgraciado ¿qué significan tantas orellas como gardaba vosté n-a sua casa?

—Siñor,—respondeu él choriqueando,—todas élas son de cabirtos.

—¿Y-é certo que pasou vosté tod' aquel dia que faltou d' a casa d' a maneira que ten de rarrado?

—E o avaxelio, siñor xuez. Eu for' ó monte, e como vir' alí un can que me pareceu qu' estaba doente, tomei medo e agancheime á un pino, onde pasei as vinte e catro horas qu' aquel demo arrengado sea, empeñouse en non saír d' o sitio.

—Pois sirvalle á vosté d' escarmento ben emprendado pra non volver á vistirse c-o pelexo de lobo sendo vosté unha ovella.

Xan Vidal foise pra sua casa, onde recibiu as enhoraboas d' os conviciños, ós qu' amostrou as condanadas riliquias confesando qu' eran orellas de cabirto, e xurando e perxurando qu' él nunca houbera sido *Xan Bravo*, senon soasmente un *Xanote*.

A. V. T.

FUNGUEIRAZOS

Eu tiña entendido qu' a caridá era xeneral, universal, cosmopolita; pro voume deprocatando de qu' dividida en partidos e bandeiras o mesmo qu' os exercitos e a politica.

Si señores: hay caridá particular, municipal, provincial, gubernamental e.... católeca; pro así com' as primeiras exércense sin ter pra elo en conta mais qu' a

necesidá d' o individo e non suas circunstancias relixiosas, a última impon ó qu' ha de ser socorrido a condición de ser fel cumpridor d' estes ou outros percentos, e sinon, non.

Falamos apropóseto d' a comida inaugural dad' ós probes pol-a Cocíña aconómica, que distribueu a maor parte d' os bonos encomendándoos ós curas párracos e a asociación de San Vicente de Paul.

Moito nos estranou este proceder, sabendo que figura n-a xunta o señor don Ramon Pérez Costales, quen non hay moitos anos facia sua a fórmula de "Guerra a Dios, á los reyes, y á la tisis", e hoxe vémolos autorizando e facéndose solidario d' a caridá *sub condicione si ne qua non*.

Non hay qu' estranar nada n-estes tempos en qu' hastr' o chierxate adulterase.

Sesión municipal supretoria d'o 12 de Marzo.—Abert' a sesión con nove concexás (?) e aprobada a auta d' anterior, douse conta d' a sentenza recaida n-a custión d' os reguladores d' o gas favorable á empresa.

O señor Mayor Rivas, piden quedase sobre a mesa o informe sobre a apelación ó Consello de Estado, mais como vencese o prazo pr' éla o día seguinte 13 por haber sido notificada o día 3, acordouse apelar, despois d' unha lixeira disensión.

Propux' o alcalde se dese a representación municipal o señor Montero Rios, e o señor Pardo Gonzalez ó señor Linares, procedeuse a votación sacreta e outovo o último dazaseis votos e un o señor Montero Rios.

Leuse unha comunicación d' o Gobernador civil, desestimando aalzada d' os señores Rouco e Golpe, sobre as trasferencias, e aprobando parte d' estas.

Concedeuse licencia pra obrar varias casas.

Douse lectura ó ditamen d' a comisión d' a Hacienda sobr' a depositaria, e despois de longa, pesada, e cansada descusión caeu á presidencia, á proposta do señor Brea en que debia discutirse por artículos, sendo estes aprobados con algús aditamentos.

Chanounos moito a atencion o ver qu' alguns concexás votaban en contra d' o que sostían n-a discusión, e páree que se dán moi ameúdo os casos de discutir os asuntos demostrando un criterio que despois se desminde n-a votación.

Douse conta d' unha solicitú presentada por algús propietarios n-o que piden se lles rebaixe o imposto extraordinario d' o 4 por 100 establecido con motivo d' o anche, fundándose en qu' as suas fincas están dentro do radio d' a pobraion.

Como ibase facendo tarde, á petición d' o señor Brea quedou o expediente sobr' a mesa e suspendeuse a sesión.

Non asistiron os señores Golpe e Rouco, facend' o gasto d' a noite o señor Pardo que pronunciou o menos cincuenta discursos.

Sin responder d' a veracidá d' o feito, anqu' incrédulos á darlle creto, vendém-lo ós nosos leutores tal como nol-o venderon a nós.

Párce ser qu' un pastor evanxélico de nacionalidá inglesa, qu' iba de viaxe, ó chegar as inmediacións d' Arteixo foi acometido por tres corvos que despois d' alonxar o alquilador, zozregáronlle unha de pous d' a d' órdago e d' a que dícese que quedou moi mal parado.

Veremos si o fanatismo intransixente dá por resultado un cen-pés d' aqueles que custan o Estado satisfaciós vergonzosas e cartos.

Fai xa tempo que buscando veño a causa d' este mal, que padecese España enteira e chámalle malestar. Foxen os homes de ben qu' ó traballo piden pan, Cérranse comercio., tendas; o artista vaise á Ultramar; o taller xa non dá un golpe e-á él si que ll' os dan mortás. Viven... os que non morreron á tanto e tanto loitar, sin sol, sin lus e sin moscas, qu' é compra escuridá. En fin, co-a auga o pescozo atópase á sociedade...

¿Con ouga dixen? n-a Cruña mais qu' auga é barrizal. ¿Quéns campan n-o noso pobo? Catro indinos peleilás que dan c-o codo ós d' enriba, ós d' adiante e ós d' atrás. Si éles teñen catro cartos feitos ben, ou feitos mal. co-a impunidá mais compra escarnecen a moral.

Encoll' e estricase a ley segun lles ven, ben ou mal, e o traballo non predoce,... porqu' o vicio vale mais. Pro esto, que non m' asombra por ser cousa xeneral, non quit' ó pasmo que sinto ó ver ós pillos medrar. ¿Carepe! fale a franqueza: —e pordoe a autoridá—

¿Non sab' ésta qu' a vagancia é d' o crime prima-hirman? Pois eu señalo c-o dedo moitos que comen o pan sin oficio conecido, endustria nin propiedá; d' eses que parecen ser axentes de xentes tal que lles pagan e protexen por manchar a honestidá algun casado vizoso ou un vello carcamal qu' estragado x-o apetito quer comer mais tenro pan, e á dibilidad endefensa trampas poñen pra cazar, sempre d' olleo ou parada

cal n-o monte fan os cás.
Outros vistindo e roendo
solo c-o taco n-a man,
viven, beben, raxan, trunfan,
sin saber qu' é traballar.
Moitos d' á orela de Xorxe
tiran con *habidá*,
e de *xudías* e *entreses*
teñen feito capital.
¡Ai, señor gobernador,
gobernador d' este lár,
empuñe ben a basoura
e barra esta casa ó rás!

¿Qué pasaría o domingo pol-a tarde n-a conferen-
cia que viña dando todol-os días—solo pra mulleres—
na eirexia de San Nicolás o xesuita P. Xil, cand' ós
poucos momentos de subirse ó púlpeto sinteuse un mar-
mullido xeneral de desaprobación entr' aquélas, que dou
por resultado a suspensión d' a práctica e o abandono d' o
tempo?

Cuase, cuase o adiviñamos: n-o calor d' a peroración
escapárase algún conceuto d' eses que magoan o sen-
tido comun ou outra entidá moral mais respetable.

O que primeiro adiviñe qu' os gardas d' orden pú-
blico sirven pra axudar á vestir n-os pasillos d' o trea-
to ó presidente de certa corporación provincial, porme-
témolle n-o nome d' *O Danzante* unha *tenacilla* de rizar
a barba, n-o d' *O Duende*, unha caixa de polvos d' arrós
e *A FULIADA* regalarálle un *xustillo* con ballenas e cor-
tinillas.

—¿Qué fan eses bocoyes que de noite
se quedan o seréu?

¿Qu' esperan?

—*O milagre*

—¿Qué conteñen?

—Pois... con auga están cheos,
e crara ou turbia, recorrendo a escala
mañan será augardente...

—Xa que todo progresa, é razonable
qu' hastr' o d'escaro medre.

N-outro onte tivemol-o gusto d' atopar n'unha rua
d' esta cibdá un intelixente canto hábile dentista por-
tugés que conece abond' o público de Betanzos, e moi-
to mais qu' este unha rapaza d' a mesma pobração á
qu' está ligada pol-os dolces e indesolubres lazos d' o
matrimonio, pro de tal xeito que si a tal rapaza quere
botarl' a vista carba ten que mirar pr' o seu retrato,
caso de qu' o teña.

Tan simpáteco artista, ou profesor é, pr' o público
brigantino e pra dita rapaza, unha cousa así com' un
relós d' escape; e crémolos en nosa conciencia que faría

ben en darse unha volta por Betanzos, onde, pol-o má-
nos, poderá curar un delor de moas e estrenar os *chis-
mes*, si aquí non atopa que facer.

—Lá, vosamersé siga o noso consello, e faga unha
visit' á rapariga.

Según de público se dí, pr' as prúsimas Páscoas
autuará n-o noso coliseo a compañía d' ópera que tantas
aprausos está recollendo n-o de Zaragoza.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña.

LEOPOLDO PIÑEIRO

Xastrería e Comercio de panos

Praza de Vista-Alegre—SARRIA

Predoce, ir lonxe por panos,
desenganos;
e Piñeiro é unha persoa,
segun sóa,
qu' a última moda seguindo,
cal xastre á quen nada empata,
sua parroquea vai vistindo
qu' é d' o mundo frol e nata.

¿Solo fama e non diñeiro
quer Piñeiro,
e d' orbe enteiro recibe
cánt' espide?
Pois tendo él tan bós tratos
é, mercar n-outro almacén,
semear o graú pr' os ratos
ou non querer vestir ben.

FABRICA DE CHOCOLATE TRABALLADO A BRAZO
DE
RAMON GUITIAN

Praza de Vista alegre.—Sárria.

Toda persoa fina é intelixente
qu' o *sucumisco* noso haxa probado,
dirá, lambend' o bico e sorridente:
“Das máquenas non sal tan bó bocado.”
E esta verdá non ten volta nin tasa
pr' os que d' o *caracas* entendades;
mais si alguen duda, merqueo n-esta casa
ou pregunte de cal gastan os frades.

Praza de Vista-Alegre—Sárria.

A N U N C E O S

PAPELERIA. LITOGRAFIA

E OUXETOS D'ESQUIRTORIO

M. ROEL,**54-Real-54**

Compreto sortido en toda crás de papés de ffo pra oficinas—de folla longa pra preódecos e obras—bonitiños papés pequenos e comerciás pra cartas—tintas, lapiceiros, prumas e canto fai falla n-os esqirtorios, —compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como tamén artículos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi cuquiños pra rezar n-a eirexa siñoras e siñoritas.—Libros con siguideiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúcia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo bonitiñas cousas e-os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquenas follas abondo con vistosos cores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d' os corpos armados, papés e-os timbres moldeados; empresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS brandas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorías. Etiquetañas pra os feires, botellas de viño, cervezas e pr' as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esqirbir tanto n-os comercios, esquelinañas pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquencen.

54, calle Real, 54—A Cruña

MARIANO VAL E C.^A

Santa Catalina, 17

Viños d' Aragon, Castilla, Blanco Chielana, Riveiro e Valdepeñas.

Viños de mesa como éles n-os atopades n-o pobo, dan forza ós convalecentes, curan o cólera morbo, ós vellos dan longa vida, ás casadas dán refolgo e se contan moitos casos de rasucitar ós mortos. E o sacreto d' estas curas beber un neto d' un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pidir outro. Pra pifar entre comidas o Chielana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou saleu d' alí feito un mozo. **NON MAIS CALVOS**, qu' este viño fai medral-o pelo á moitos, si con magras de xamon dan unhas fregas ó estógamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO TENREIRO E COMP.

Ruatr iesa, 12—Betanzos

N-esta conecida tenda, á que xusta fam' abona, hay canto a moda pertenda, bó e barato, ¡qu' é perbenda n-estes tempos, segun sona!

Hastra d'o confin d'a terra veñen aquí os materiás; e aquí, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás a' as nociós qu' a cencia encerra.


Estética, Xeometría son mayestras n-o taller, director' a Natomía, e dáse os pés outro sér e ó corpo mais gallardía.

GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N-este acreditado establecemento tiñese de todol-os colores e quitanse toda clás de manchas ás roupas, así de siñoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertores de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácaselles o pelo; todo moi baratiño e co-a prefeucion que ten acreditado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.



Véndese aquí

A FULIADA

PREÓDECO SEMANAL D' ENTERESES
MORÁS E MATERIÁS.

Sal á lus todol-os xueves

Precio de suscripcion:—Oito
cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

EMPRESA DE

A. AMENEDO PONTE

Rua d'a Fita, núm. 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.